

---

# DISTINTA

Texto de **BETO VALENCIA**

Ilustracións de **SOZAPATO**

Tradución de **MANUELA RODRÍGUEZ**

---

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 36 páx. 13 €.

Finalista do X PREMIO INTERNACIONAL COMPOSTELA DE ÁLBUM ILUSTRADO

**Distinta** (galego)

ISBN 978-84-8464-440-8. Demademora

**Distinta** (castelán)


ISBN 978-84-8464-441-5. Obras de autor. Primeros lectores.

*Lúa espertou. Non sabe por que..., pero ela séntese distinta.  
Cada día, mentres uns se queixan por ter que madrugar...,  
a ela encántalle erguerse cedo para escoitar os segredos  
que murmuran as nubes da mañá...*

A capacidade para escoitar as nubes, bambearse nas ondas do mar, aproveitar cada escintilleo de luz e de cor que nos ofrece o día ou xogar coa lúa, é unha habilidade da que non todo o mundo pode gozar. Pero a protagonista deste libro é “Distinta”. Outros protestan por madrugar, enfádanse nos atascos, abúrranse coa rutina ou van durmir sen ter experimentado novas emocións.

A explosión cromática e o vivo dinamismo das ilustracións a dobre páxina de Sozapato envolven a lectura do breve texto que propón Beto Valencia. O lirismo do relato complétase á perfección coa poética das imaxes: metáforas visuais que espertan a imaxinación e a fantasía.

Porque a iso invítanos “Distinta” nesta obra que abrangue un día na vida da pequena Lúa: a fuxir do mal humor enfocando cada xornada con optimismo, afinar os sentidos e contemplar a realidade coa ollada fresca e orixinal, facer de cada momento unha excusa para o xúbilo e a vitalidade.



---

■ **Temática:** a imaxinación, a creatividade.

■ **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.

■ **Aspectos destacables:** cidades; identidade persoal; fantasía; profusión cromática; metáforas visuais; da autora de “Matilde” (KALANDRAKA); uso simbólico da cor, linguaxe da banda deseñada, estilo cinematográfico.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/distinta-g>

---

## Beto Valencia

(Quito, 1973)

Escritor, publicista e director audiovisual, con máis de 15 anos de experiencia en comunicación dirixida á infancia. Fundador da editorial Zonacuadro (Quito), director creativo da revista para nenas e nenos ¡elé! e co-creador do cómic “Capitán Escudo, el superhéroe ecuatoriano”, convertido en curtametraxe de animación. Tamén dirixe series de televisión para o público infantil.

## SOZAPATO (Sofía Zapata Ochoa)

(Quito, 1984)

Licenciada en Artes Plásticas, deseñadora gráfica e ilustradora especializada en libro-álbum co Master de Libro Infantil Ilustrado na Escola i con i, de Madrid. Traballou con editoriais de Ecuador, Chile, Colombia, México e España. O seu primeiro libro como autora integral, “Colorín Colorado”, foi seleccionado para representar a Ecuador na lista de honra IBBY 2014. Tamén foi finalista do Premio CCBF Golden Pinwheel 2017, en Shanghai. Fundou a editorial Ommani de material filosófico para nenas e nenos, onde publicou o seu terceiro libro como autora, “Debajo de hoy”, Premio Nacional Darío Guevara Mayorga ao mellor libro ilustrado. Forma parte do colectivo teatral Chalata Clown.

<http://sozapato.blogspot.com.es>

---

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com

---